

FUNAN

[Denis Do, 2018]

502

ESTREA: 22.03.2019 | V.O.S.E.

Funan (2018, 84')

Dirección: Denis Do

Guión: Denis Do, Magali Pouzol, Elise Trinh

Son: Nicolas Tran Trong

Montaxe: Laurent Prim

Dirección de arte: Michael Crouzat

Música: Thibault Agyeman, Cecilia Pietrzko

Produtora: Epuar, Juliette Films, Les Films d'Ici, Lunanime
(Francia, Luxemburgo, Bélxica)

Distribuidora: Alfa Pictures

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Annecy 2018 (Mellor Longametraxe),

Emile 2018 (Mellor Guión e Deseño de Son)

SINOPSE

1975, Phnom Penh. Chou leva unha vida tranquila en Phnom Penh até que unha mañá a guerrilla dos Khmers Vermellos mergulla a Camboxa no horror. A poboación é deportada aos campos e Chou vese obrigada a sufrir cando o seu fillo é secuestrado. O seu mundo vénse abaixo pero non perde a esperanza.

«Un filme admirábel,
un logro artístico importante.
Usa a animación para xerar
intimidade emocional
e manter certa distancia
que permita afrontar unha
traxedia histórica»

Peter Debruge, VARIETY



“O filme fala do poder do desexo de vivir”

Entrevista con Denis Do

Por Fabien Lemercier

De onde veu a idea do filme? Da miña infancia. Miña nai compartiu comigo moito sobre o tempo dos Khmers Vermellos. Díxenme a min mesmo que un día convertería esta herdanza en algo tanxíbel. Cando estaba na Escola de Animación de Gobelins conteilles a un par de colegas unha escena en particular, e díxéronme que era moi emocionante e que debería facer metela nun filme. Era marzo de 2009, en xuño gradueime e sentei fronte miña nai cun notepad. Díxenlle que tiñamos que volver ao pasado e falar de todo iso. Despois viñeron as viaxes a Cambodia buscando testemuñas, historias e tratar de ordenar as cousas cronoloxicamente. En 2011 tiñamos xa a base do filme. Magali Pouzol, o co guionista, axiña se apuntou á aventura e tiñamos todo o que precisabamos para comezar a contar a historia. Quería abordar algunha das políticas do réxime dos Khmers Vermellos en particular? Non, porque creo que entender a súa dimensión política é o traballo dun historiador. Eu estaba interesado sobre todo na viaxe dos meus seres queridos, así que axiña decidimos achegarnos ao filme desde un punto de vista empático.

Pero non desexaba contar os tres ou catro anos da experiencia persoal da miña nai, a vida non sempre se presta a ser cinematográfica, e precisaba dunhas cantas voltas e xiros narrativos. Inspirounos a base da historia, e despois permitímonos facer uns cambios.

Como te achegaches á representación dos membros dos Khmers Vermellos?

Tiña o desexo, moi forte, de non facer un filme que fose moralmente branco e negro. Tamén desenvolvín personaxes que amosaran o que o psicólogo americano Stanley Milgram chamou os costumes dos axentes de servizo de baixa intensidade: obediencia cega ás ordes que veñen de arriba, nun clima opresivo, de cerebros lavados. Pero iso non quere dicir que non exista algo de bondade humana nalgún, normalmente a través dos vínculos familiares, e quixen explorar esta idea con dous personaxes do filme. Era un pouco un desafío porque ao inicio estaba dubidoso de ser un defensor da xente que pertencía aos Khmers, pero ao final rematei abrazando esta idea. Nesa época, os que foran verdugos trataban coas que foran vítimas, cuxas familias e parellas incluían de xeito sistemático membros dos Khmers Vermellos. Deberíamos condenar esa xente desde o principio? Non sei, e tampouco me pareceu necesario que o filme seguise esa idea. Enfrontar os feitos era máis importante para min.

O filme céntrase nas relacións humanas e de supervivencia. Non quería construír o filme arredor dun

heroje, porque iso non deixaría situar a xente na mesma escala desde o punto de vista dun sistema opresivo. Por iso nalgúns ocasións alguén trata de facer algo que non pasa de tentativa. Todos os esforzos heroicos córtanse de raíz. Todo é moi limitado: os cambios sempre se fan máis ou menos en secreto. Tes a sensación de que é moi difícil expoñer ideas á luz do día. Cando os personaxes dialogan sempre o fan tan baixiño que case é un murmuro. Trátase de recrear unha atmosfera que pesa sobre os personaxes a través do filme: os Khmer Vermellos eran algo así como un inimigo invisíbel.

O papel dunha natureza maxestática e omnipresente no filme achega un contrapunto moi forte á historia.

Quixen que a natureza tivese vida propia, non a mercede da actividade humana, senón seguindo o seu propio ciclo vital. Cando natureza e humanidade se atopan, xorde algo espiritual. Quería que o filme reflectise este intercambio. O filme fala do poder do desexo de vivir, aínda que se trate de sobrevivir ou de que unha muller atope ao seu fillo. No fondo, vai máis aló diso. Quixen incluír outra mensaxe xeral ao final, cando todo se xunta nun cruce de camiños: natureza e humanidade na terra, todos os elementos entrando en contacto coa terra e entre eles o ceo e a vida, o alento humano e o aire mesturándose, e a mensaxe de «debemos sobrevivir».

Publicado en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

